CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Descobre diferentes mostras de músicas representativas doutros lugares do mundo e elabora unha ficha dada sobre unha destas, incluíndo a descrición e o instrumento que máis lle chamou a atención		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce ritmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos. Improvisa vocal ou corporalmente 4 pulsos no último compás dunha secuencia de 4 compases.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con graffias si/non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Entende a representación (facial) das emocións nas propostas escénicas e performativas seleccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún dos pasos de bailes, algúns elementos característicos do vestuario de bailes e nomea algúns instrumentos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	En grupo, realiza distintos movementos corporais segundo suxira cada música proposta.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafas convencionais e non convencionais.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común en música.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	AS CORDAS	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementais fundamentais da música e da linguaxe musical.	Representa con grafía si/non convencional son: rápido e curto; forte e piano; cresc. e dim.; agudo e grave e pulso con e sen acento. Asocia o son dalgúns instrumentos e/ou voces ao debuxo correspondente.	PE	10
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre distintas propostas musicais	TI	90
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Descobre diferentes mostras de músicas representativas doutros lugares do mundo e elabora unha ficha dada sobre unha destas, incluíndo a descrición e o instrumento que máis lle chamou a atención.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de grafía non convencional orixinal, e que conteña algúns dos elementos traballados no curso, para ser explicada e interpretada ao resto.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Experimenta e elabora en grupo un listado de instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para expresar emocións ou potenciar a súa representación.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	En grupo, realiza distintos movementos corporais segundo suxira cada música proposta.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coreografía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue representación corporal das emocións traballadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común en música.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para música.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de</li> </ul>

## Contidos

- propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Preténdese que a metodoloxía sexa activa e participativa buscando a propia implicación do alumnado no proceso de ensinanza e no proceso de aprendizaxe.

Pártese do observable e das informacións previas e iniciais para chegar ao coñecemento e así poder conseguir os obxectivos dun modo natural e ameno.

Traballarase na aula o programa do curso mediante os libros de texto e o caderno de actividades con actividades configuradas para días especiais.

As actividades estarán deseñadas e presentadas para realizar en pequenos grupos, en gran grupo y de maneira individual.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e estes adquiren un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de música e danza:

Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe musical coma a danza para

comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical e na danza como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento sinxelo musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

Todo isto debémolo facer desde unha perspectiva interdisciplinar, creativa, activa e socializadora.

O profesorado favorecerá o traballo en grupo colaborador de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final empregando tamén o xogo para

Os contidos da área de Música e danza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Students book, Music, 3 Primary, SM.
Workbook, Music, 3 Primary, SM.
Plataforma dixital de SM.
Aula virtual escolar.
Libreta con papel pautado.
Frauta doce, guitarra e teclado .
Instrumentos de pequena percusión, instrumentos Orff.

Contando o centro con internet e pantalla dixital nas aulas e con un aula de informática, as tecnoloxías da información e comunicación preséntanse como unha ferramenta facilitadora para o profesorado á vez que motivadora para o alumnado que recibe os contidos de forma máis variada.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase a comezos do curso partindo dos criterios de avaliación do curso anterior. Deberemos ter en conta os informes, se é o caso, e resultados do curso pasado.

Como instrumentos de avaliación realizaranse:

-Unha proba escrita con exercicios básicos correspondentes ao nivel que queremos avaliar.

-Unha proba práctica para determinar as destrezas individuais dos alumnos.

-Ao inicio de cada unidade didáctica poderase realizarse unha avaliación de contidos previos necesarios para o seguimento adecuado da unidade.

As medidas a adoptar dependerán pois dos resultados desta avaliación inicial e tendo en conta, como xa dixemos, os resultados e informes do curso pasado.

No caso de alumnado procedente doutros centros nos que non cursase ensinanzas plurilingües, realizarase por parte do profesorado unha avaliación previa que determine o nivel de competencia inicial do neno/a, tras a cal determinarase a adecuación necesaria de obxectivos/contidos/actividades de reforzo/criterios de avaliación necesarios para cursar as ensinanzas exitosamente.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	10	10	10	10	10	10	<b>10</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	90	90	90	90	90	90	<b>90</b>

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación:

PROBAS ESCRITAS e/ou ORAIS = 50%

-Daremos este peso dentro da cualificación global de cada materia ao rendemento específico demostrado polos alumnos e evidenciado a través de diferentes probas de rendemento (tanto escritas como orais) realizadas para comprobar tanto o nivel de coñecementos adquiridos como a capacidade de xeneralización de ditos aprendizaxes.

-Preguntas directas sobre o que se está traballando.

TRABALLO DIARIO NO COLEXIO E NA CASA - ESFORZO = 35%

-Observación de traballos nos cadernos, libros e forma de traballar.

-Realización correcta dos traballos.

-Organización e boa presentación das tarefas.

-Estudio diario e realización diaria das actividades individuais tanto aula como na casa.

-Regularidade e constancia no traballo diario.

ACTITUDE, COMPORTAMENTO E CUMPRIMENTO DE NORMAS = 15%

-Non podemos esquecer que a actitude positiva cara a aprendizaxe favorece a adquisición de coñecementos. É por isto polo que aos alumnos teráselle en conta o interese mostrado en cada materia, a atención, a escoita activa e o respecto mostrado cara os diferentes elementos (persoais e materiais) que constitúen o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

-Cumprimento de normas e comportamento axeitado.

A avaliación será globalizada e continua; primarase o traballo diario na aula e a implicación e esforzo do alumnado. O profesorado terá en conta os logros persoais que observe na aula e poderá realizar algunhas probas obxectivas para ratificar os niveis de competencia alcanzados polo alumnado en cada bloque temático.

Na materia de música e danza as probas prácticas serán:

-de lectura musical (solfexo), para demostrar o dominio da linguaxe musical en outro idioma, aínda cando moitas das grafías coinciden,

-interpretacións instrumentais, que reflicten o comentado no punto anterior.

-interpretacións vocais, con especial atención a fonética, dicción, etc.

### Criterios de recuperación:

Na materia de Educación Musical e danza traballamos os distintos bloques ao longo de todo o curso. Imos aumentando a aprendizaxe nova e desfrutando da xa adquirida.

Partindo dunha avaliación inicial traballaranse aqueles contidos e actividades que puideran estar menos afianzadas.

Os alumnos terán a oportunidade de poder recuperar as partes de materia ou a materia enteira que non superaron

con éxito, para tal cometido o mestre facilitaralle una serie de actividades / tarefas a realizar que lles axudarán a superar satisfactoriamente a parte suspensa sempre repectando os criterios de cualificación xa expostos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Educación na diversidade supón unha escola para todos, na que todos teñan cabida coas súas características individuais. Unha escola, na que se lle ofrezca a cada un, aquilo que mellor lle axude a desenvolver a súa máxima potencialidade, partindo do que é.

Para atender a este alumnado diverso temos que axustar a resposta educativa a cada alumno, de xeito que cubramos as necesidades individuais do conxunto global do alumnado. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.

Para orientar a nosa labor na atención á diversidade teremos en conta:

- A necesidade dun coñecemento profundo do noso alumnado.
- A adaptación da programación en función dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Empregar métodos didácticos que promovan a experiencia directa e a reflexión por parte do alumnado.
- Utilización de diferentes canles e recursos na aula.
- En casos de alumnado con NEE, un traballo coordinado cos distintos profesionais.

As medidas de atención á diversidade son actuacións complementarias a favor da igualdade de oportunidades, no presente caso que faciliten o acceso e gozo a unha actividade artística. Para este apartado débense ter en conta as características persoais, físicas e afectivas que se puidesen dar dentro da aula.

De calquera maneira, é imposible recoller toda a variedade de situacións e necesidades que puidesen surxir. En xeral, daranse algunhas indicacións básicas para que todo o alumnado poida participar no maior número de actividades posibles.

O obxectivo é que todos os escolares que realicen calquera actividade participen dun modo activo. Moitas veces non sabemos como implicar ao alumnado con diversidade funcional (alumnado que presenta dificultades visuais, auditivas, motrices, intelectuais) na dinámica da aula.

Daranse algunhas pautas xenéricas:

- Para persoas con problemas motrices pódese traballar apoiados en pulsadores de todo tipo a través do ordenador e dos diferentes periféricos para que en actividades nas que os poidamos implicar poidan ser partícipes e sentirse integrados no grupo. Así, por exemplo, se a actividade se acompaña dunha melodía con instrumentos, este alumno/a pode ser o encargado de gravar a interpretación dos compañeiros facilitándolle previamente por parte del profesorado as tarefas, de tal maneira que só terá que accionar unha tecla para iniciar ou acabar a gravación.
- Para persoas con dificultades visuais podemos apoiarnos no encerado dixital ou nas teclas de accesibilidade que ten o ordenador, ademais de ampliar o tamaño dos debuxos e textos ou simplemente cambiando a tonalidade de cor ou de contraste dos materiais presentados dependendo de cada caso concreto.
- Para persoas con problemas auditivos ou restos de audición, podemos empregar un pequeno aparato que conectado ao ordenador amplifica o son, o que permite percibirlo a través de vibracións ou por vía ósea (aparatos tipo Sonar Speaker)

Hoxe en día a tecnoloxía avanza moi rápido e existen multitude de aparatos e aplicacións nos dispositivos móbiles e tabletas as cales podemos utilizar para todas as dificultades que se nos presenten, a hora de preparar unha clase ou calquera tipo actividade, en canto aos problemas auditivos e visuais.

É aconsellable realizar un cuestionario previo para poder abordar todas as necesidades que poidan surxir.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - EDUCACIÓN EN VALORES	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - PLAN TIC	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

#### EDUCACIÓN EN VALORES

En cada unidade e aproveitando as celebracións e conmemoracións durante o curso escolar proporáse unha serie de actividades cooperativas e grupais para traballar e fomentar a: responsabilidade, xenerosidade, compromiso, tolerancia, humildade, gratitude e honestidade.

#### CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Actividades relacionadas coa lectura e o uso da biblioteca do centro dentro do plan lector: lecturas musicais, a música e os instrumentos, historia da música e da danza, cadernos de actividades musicais, uso de internet...

#### PLAN TIC

Dentro do Plan Tic do centro recóllense unha serie de obxectivos que se traballaran dende todas as áreas.

#### ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA

Estas actividades complementarias estarán dentro das actuacións e medidas para favorecer e garantir a convivencia, como por exemplo nas saídas do centro.

#### ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A materia de Música e danza está incluída no plurilingüístico, neste caso en lingua inglesa.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CONCERTOS DIDÁCTICOS DO CONCELLO	Participación nas actividades do programa didáctico 2022-23 do Concello de Santiago (teatro, danza, música...) no Auditorio de Galicia e no Teatro Principal.	X	X	X
MÚSICA DO NADAL EN CENTRO ASISTENCIAL.	Interpretación de música de Nadal (coro, guitarras, frautas e instrumentos de percusión) en Centro de asistencia a persoas maiores do Concello de Santiago. Participación voluntaria.		X	
DÍA DA PAZ	Interpretacións musicais referentes ó día da Paz e a non violencia		X	
FESTIVAL DE FIN DE CURSO	Concerto de todo o centro escolar (infantil e primaria) con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, nun Auditorio, ao final do 3º trimestre e aberto as familias			X

### Observacións:

As actividades complementarias musicais realizaranse:

-Dentro da escola: Nadal e Día da Paz.

-Fora da escola: asistencia a concertos didácticos e festival fin de curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación positiva nos indicadores de avaliación da programación: táboa de indicadores da programación
Superación da materia por parte do 80% do alumnado: actas de avaliación
Metodoloxía empregada
Grado de satisfacción coa propia práctica docente: diario de aula
Clima de traballo na aula
Grado de satisfacción do alumnado: enquisa para o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grado de satisfacción das familias: entrevistas coas familias
Coordinación co equipo docente: actas das sesións de coordinación

### Descrición:

En xeral, avaliaremos a nosa práctica docente e o proceso de ensinanza, para realizar as modificacións necesarias, empregando unha serie de indicadores de logro e especificando o instrumento de avaliación utilizado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da práctica docente e da propia programación permítenos recoller de xeito sistemático información relevante, co obxectivo de reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A continuación establécense algúns CRITERIOS DE AVALIACIÓN que poderían ser de utilidade á hora de avaliar a práctica docente:

### RELACIÓN ENTRE OS AXENTES EDUCATIVOS

- As canles establecidas para a comunicación e coordinación coas familias son adecuadas e suficientes.
- Estase a conseguir unha implicación sistemática das familias na vida escolar.
- Aprovéitanse os recursos que ofrece o contorno, dando lugar a unha verdadeira corresponsabilización educativa.
- O equipo docente traballa de forma coordinada para lograr a unidade de criterios e a coherencia no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- A escola e as persoas que nela traballan participan activamente no proceso educativo.

### AMBIENTE DE APRENDIZAXE

- A distribución do espazo crea un ambiente cómodo e seguro.
- A biblioteca de aula conta con material diverso e ben organizado.
- O material empregado é variado e adáptase ao alumnado.
- A organización do tempo adecúase ás tarefas propostas.

### RELACIÓN GRUPO CLASE- PROFESORADO

- A miña relación co grupo clase é cálida e de confianza.
- A miña actuación favorece que os nenos e nenas expresen as súas opinións.
- A miña intervención estimula a creatividade e evita estereotipos.
- As situacións de aprendizaxe creadas serven para que nenos e nenas adquiren aprendizaxes significativas e poidan

levalas á práctica.

#### PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- A programación está aberta aos cambios e é receptiva a innovacións.
  - Os obxectivos propostos adáptanse ás características do alumnado.
  - Os contidos seleccionados trabállanse de forma significativa para as nenas e nenos.
  - As actividades propostas son do interese dos nenos e nenas e favorecen a súa participación activa.
  - A proposta metodolóxica axuda ao desenvolvemento das competencias.
  - Os distintos agrupamentos utilizados permiten a variedade de interaccións.
  - A avaliación recolle a evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.
  - As técnicas e fontes utilizadas para a avaliación son adecuadas e suficientes.
  - A diversidade é valorada como un elemento positivo e enriquecedor.
  - As estratexias para dar resposta aos casos de Necesidades Específicas de Apoio Educativo son eficaces.
- O profesorado revisará os métodos a implementar en cada sesión e unidade didáctica ou proxecto, para axustalos ás necesidades temporais ou permanentes do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Á súa vez, teranse en conta os resultados obtidos e o nivel de implicación que se consegue por parte do alumnado; un alto nivel de atención e implicación levará a reforzar as técnicas e materiais utilizados; pola contra, se a atención e implicación é baixa implicará unha revisión das actuacións levadas a cabo.
- A aplicación práctica da programación didáctica esixe una reflexión e avaliación sistemática dos elementos que a compoñen.

Podemos identificar diferentes ELEMENTOS AVALIABLES partindo do proceso de ensinanza aprendizaxe:

#### AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS:

- Se se adaptan ao currículo.
- Se se adecúan aos obxectivos xerais de cada curso.
- Se se adaptan aos coñecementos e capacidades reais dos alumnos para o éxito do proceso de aprendizaxe. (procederase a valorar a consecución dos obxectivos de forma que se poidan ir corrixindo ou readaptando algúns dos aspectos que poidan resultar mellorables)

#### AVALIACIÓN DOS CONTIDOS:

- Se se adaptan ao currículo.
- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se amosan una lóxica interna.

#### AVALIACIÓN DO CONXUNTO DA EXPERIENCIA EDUCATIVA:

- Se permite o tratamento de diferentes dimensións do contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se permite unha adaptación para a atención a diversidade en función as propostas e ideas dos alumnos.
- Se ten en conta o proceso de auto avaliación e auto aprendizaxe do alumno.

#### AVALIACIÓN DOS RECURSOS DIDÁCTICOS:

- Se apoian a interacción entre o alumnado e entre profesorado alumando.
- Se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos.
- Se son útiles para o desenvolvemento dos contidos e o alcance dos obxectivos.
- Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.

Para analizar estes aspectos, a programación estará suxeita a DOUS TIPOS DE AVALIACIÓN: DE PROGRESO E FINAL.

- A AVALIACIÓN DE PROGRESO permitirá una mellor aplicación da programación, á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino aprendizaxe.
- A AVALIACIÓN FINAL terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se consideren oportunos.

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN que se utilizarán serán os seguintes:

- Reunións de coordinación que permitan una avaliación da programación co fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.
- Reunión de avaliación final que terá como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflectindo na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformados.
- Auto avaliación do profesorado: os modelos polos cales se auto avalía ao profesorado deberían tratar temas como: logro de los obxectivos plantexados, tratamento dos contidos, viabilidade dos criterios de avaliación, competencias básicas e suxestións de mellora.

## 9. Outros apartados